

Actividades ano 1992:

Este ano 1992, que estivo cheo de efemérides en España, lembremos que se estaba a realizar as Olimpíadas de Barcelona, ou a Exposición Universal de Sevilla, foi no nosa asociación, unha continuación na forma de actuar e programar da xunta directiva. Veremos como se vai facendo fincapé na formación, buscando sempre unha sociedade máis culta, formada, e con isto unha sociedade tamén máis xusta.

Comézanse no mes de febreiro a impartir clases de guitarra, laude e bandurra. O fin deste curso é crear unha rondalla coa xente da Bandeira e arredores. Ao principio con-touse cunha matrícula que superaba as 80 persoas, pero logo, foron baixando un pouco pero os ánimos, aínda que nalgúns empezaron a verse bos resultados.

Tamén en febreiro chegou o Entroido, e o 29, e organizado pola Sociedade Depor-tiva, celebrouse un baile de disfraces dividido en dúas sesións, a primeira ás 7 da tarde dedicada á xente máis nova, e a segunda ás 9 da noite, xa para os maiores. A conti-nuación desta celebración foi a *fiesta infantil do entroido*, unha celebración que estivo dedicada aos pequenos/as, que tivo lugar o día 2 de marzo. Ao igual que en anos an-teriores tivo gran asistencia de rapaces, déronselle xoguetes, globos, cousas típicas do Entroido e unha merenda.

Chegou este ano á nosa sociedade a música de cámara. Foi o 19 de xuño do 92, no salón de actos do Centro Cultural, levouse a cabo un concerto de piano, fagot e clari-nete, interpretado polo Grupo Clásico Aulos da Estrada, e que contou coa asistencia de numeroso público.

Seguindo coa formación, e a importancia xa antes referida, dende o mes de agosto ata finais de decembro, foron impartidas clases de informática, no Centro a cargo da Academia Central de Santiago. Como continuación do curso de iniciación do ano an-terior, tivo lugar un curso de Perfeccionamento de Lingua Galega, no que se matricu-laron 34 persoas, con clases os martes e mércores de 20,30 a 23 horas. Comezou o 30 de setembro ata o 23 de decembro. Este curso impartíuno a profesora licenciada en lingua galega Dona Cristina Novoa Diéguez. Ao finalizar ese cursoño, os asistentes que sexan aptos, foilles outorgado o seu diploma correspondente. Do mesmo xeito, dende mediados do mes de outubro, impartíronse os mércores, as clases para a obten-ción do título de Graduado Escolar. A elas asistiron 7 alumnos, coa conseguinte vantaxe de poder obter tan importante título á hora de complementar a súa formación.

E outra vez, como cada ano, a colaboración estreita coas entidades con sede no Centro, coa Banda de música, co grupo de baile Xirandola, coa sociedade deportiva, co equipo de fútbol sala, e, tamén moi importante, colabora a asociación coas festas da empanada, na que segue coa doazón do premio á orixinalidade. Temos unha nova co-laboración, económica e de local coa rondalla que se está formando e tamén coa coa

Asociación de Veciños, a cal celebra aquí as súas reunións e asembleas. Na biblioteca, houbo unha novidade, é que no mes de xullo houbo unha doazón de 29 tomos por Dn. Xosé Manuel Fidalgo.

Obras de mantemento e equipamento:

Grazas a unha subvención do Concello de Silleda, leváronse a cabo importantes obras e subministros, como foron a reparación de todo o tellado da casa a pintura do salón de actos e outras dependencias, o acondicionamento dos baños coa instalación de toalleiros automáticos, xaboeiras, papeleiras, etc.

O acondicionamento do local que antes era terraza para as oficinas de Galitrans, unha importante feira de mostras que tiña que ver co mundo do transporte (un sector sempre importante na vila), e que mostraba os últimos adiantos en camións, autobuses, turismos, recambios, etc. Un bo evento, que chegou a ocupar 60.000 m² entre os baixos do colexio e a explanada anexa. Celebrouse durante os anos 1992 e 1993, e supuxo unha boa oportunidade de consolidarse Bandeira como referente galego neste ámbito.

Remata o ano, e con el a actividade da Xunta Directiva, e así, ás 20 h 30' do día 20-12-1992, (*ver foto 11*) reunidos en Asemblea os socios do Centro Cultural “Vista Alegre”, aprobaron a dimisión da anterior Xunta Directiva, e despois de haber un primeiro “veto” a unha presentada por Dona Carmen Caramés Maceira, media hora máis tarde, nomearon outra que quedou constituída da seguinte maneira:

Presidenta: *Carmen Caramés Maceira.*

Vicepresidenta: *Pilar López Lodeiro.*

Secretario: *Javier López Caramés.*

Tesoureira: *Eva Fernández Carnoto.*

Vogais:

Alfredo López Mosquera

Damián Sueiro Villaverde

José Manuel Ayude Salgueiro

E rematou o ano, como tradicionalmente se fai, coa Festa de Fin de Ano, organizada pola Sociedade Deportiva da Bandeira o día 31 de decembro e que contou coa afluencia masiva de xente. O Centro colaborou na instalación e organización do salón de actos, para que esta festa se puidese levar a cabo.